



CELTA - ATH. DE BILBAO



O 23 de novembro 68 rapaces do noso instituto presenciaron este partido

O pasado 23 de novembro e ó igual que cursos pasados o Dto. de Educación Física levou a alumnos da ESO ó estadio de Balaídos onde presenciaron o partido de 1ª división entre o Celta de Vigo e o Athletic Club de Bilbao.

Apuntáronse a esta actividade un total de 68 rapaces que só tiveron que pagar 3 euros para os gastos de autobús. As entradas para o encontro regalounas o R.C. Celta.



O céltico Wagner controla o balón diante dun contrario

Este encontro comezou ás cinco da tarde e nos chegamos arredor de 40 minutos antes.

CRÓNICA DO PARTIDO

O CELTA CAE INJUSTAMENTE ANTE O ATHLETIC: 0-2.



O R.C.Celta acadou unha inmerecida derrota (0-2), ante o Athletic, en partido pertencente á xornada 12 de Liga.

Os de Lotina non realizaron un grande partido, ben é certo, pero foron moi superiores a un rival que anotou as dúas únicas ocasións das que dispuxo. Os vigueses tiveron boas ocasións aínda que estiveron "romos" de cara a porta. A nefasta actuación do colexiado da contenda, que non sinalou dous claros penaltis e anulou un tanto válido dos celestes, impediu un marcador positivo.

Despois de que un "profe" recollera as entradas, nas oficinas, entramos só estadio onde presenciarnos o encontro desde a zona de preferencia. Aínda que as localidades estaban numeradas cada un sentouse onde puido posto que como estaba chovendo todos buscamos refuxio na zona cuberta.



✍ *Estadio de Balaídos, o círculo sinala a zona de preferencia onde estivemos situados.*

✍ *Entrada para presenciar o partido.*

